



# Concello de Cee

## CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCION NOMINATIVA Á “FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA” PARA O ANO 2026

En Cee, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Margarita Lamela Louzán con DNI 79310806K, como Alcaldesa en nome e representación do Concello e en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, Dna. Eva García Caamaño con DNI 76364385S, como Presidenta da FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA con NIF G15290828 e domicilio social na Praza da Constitución, 25, 15270 Cee (A Coruña)

### MANIFESTAN

Que o 11 de agosto do ano 2001 abriu as súas portas por primeira vez ó público, o Museo-Colección da Fundación Fernando Blanco de Lema, situado no número 25 da Praza da Constitución da vila de Cee.

Como sede do Museo elixiuse o edificio da antiga Escola de Nenas, levantado pola Fundación Fernando Blanco de Lema sobre o solar da vella casa do mecenas. Dispónse así dunha sede amplamente ligada á Fundación, nun edificio histórico, de arquitectura nobre e singular, rehabilitado especificamente para sede do Museo-Colección, e localizado no centro da vila, con gran accesibilidade.

Dende un primeiro momento plantexouse a creación dun Museo que permitise dar a coñecer e utilizar didacticamente o patrimonio histórico-científico formado polo instrumental científico e o material didáctico das antigas cátedras, laboratorios e gabinetes do vello Instituto-Escola de Cee, creado pola Fundación Fernando Blanco de Lema a finais do século XIX.

Xunto a este material, o máis numeroso e que conforma unha unidade diferenciada, o Museo complétase co material didáctico doutras materias incorporadas ó currículo do centro ó longo da súa historia, coa documentación histórico-educativa do Colexio, e cos fondos pictórico e artísticos da Fundación.



## Concello de Cee

Así pois, Cee é unha vila que lle debe moito ó seu filántropo Fernando Blanco de Lema, sobre todo nos eidos da educación e a cultura. Na actualidade, a encargada da divulgación da súa figura e legado é a propia Fundación Fernando Blanco, contando para elo coa colaboración do Concello.

Para elo, no Museo sito na antiga *Escola de Nenas*, pódese contemplar a exposición permanente cun horario xeral de visitas para o público de martes a sábado de 10.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas, ademáis de dar a posibilidade de citas concertadas en outros horarios, se así se solicita.

En definitiva, a Fundación ten como fins principais de actuación a conservación do seu patrimonio histórico, a súa difusión e coñecemento, fundamentalmente no ámbito escolar, a utilización didáctica dos seus fondos, así como a proxección da vila de Cee como herdeira dun legado educativo e centro de dinamización cultural da comarca únicos.

E finalmente, tamén hai que salientar a colaboración da Fundación en todas aquelas actividades que organizadas desde o Concello poidan precisar do uso das súas instalacións. Así, téñense realizado con anterioridade exposicións, conferencias, presentacións literarias... e na actualidade a recepción ós Reis Magos, dentro das actividades do nadal.

Por todo o exposto, consideramos que queda acreditado dun xeito singular o interese público, social e cultural desta Fundación quedando desta maneira xustificado este tipo de concesión de subvención.

Que a finalidade deste convenio é canalizar a favor do beneficiario a subvención que figura na aplicación orzamentaria 330/489.01 do orzamento municipal de 2026 sendo o importe da subvención de **18.000 euros**, así como establecer as condicións e compromisos que asume o beneficiario.

Ambas partes acordan suscribir o presente convenio que se rexirá polas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXETO DA SUBVENCIÓN

Ambas partes acordan que a subvención se destinará a financiar unha das actividades da Fundación, a de Museo-Colección cos gastos de persoal e mantemento do mesmo sito na Praza da Constitución.



## Concello de Cee

Consideraranse gastos SUBVENCIONABLES:

Todos aqueles que estean relacionados cos gastos de persoal e mantemento do Museo Fernando Blanco:

- Gastos de persoal do Museo: nóminas, Seguridade Social e retencións de IRPF practicadas.
- Gastos de mantemento e adecentamento do Museo: electricidade; teléfono/internet; ascensor; alarma/extintores; auga; material de oficina e limpeza, reparacións e arranxos puntuais...

Consideraranse gastos NON SUBVENCIONABLES:

Todos aqueles que non estean relacionados cos gastos de persoal e mantemento do Museo como poden ser:

- Actividades realizadas á marxe do Museo (Programa O Mes da Fundación; Becas-Premio Fernando Blanco; ...)
- Gastos financeiros
- Gastos derivados das atencións protocolarias
- Gastos de inversión

### **SEGUNDA.- FINANCIACIÓN**

A contía da subvención ascende á cantidade de 18.000 euros, que é o importe do crédito consignado na aplicación orzamentaria 330/489.01 do orzamento municipal de 2026 do concello de Cee, e que será abonada con carácter prepagable, previa presentación por parte da entidade beneficiaria do correspondente aval bancario a favor do Concello de Cee.

### **TERCEIRA.- RÉXIMEN DE COMPATIBILIDADES**

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, sempre que o seu importe, aisladamente considerado ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos non supere a custo da actividade subvencionada.



## Concello de Cee

### CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio surtirá efectos durante todo o ano 2026. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade subvencionada é o 31 de outubro de 2026. Non obstante, serán imputables ao presente convenio, e admitidos como xustificantes, os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da subvención, sempre que estean comprendidos no exercicio económico 2026.

### QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

- Os gastos subvencionados terán lugar e rematarán nas datas ou prazos fixados en cada convocatoria.
- A subvención destinarase exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibido calquera cambio de destino ou variación na súa aplicación.
- Toda subvención concedida sométese á condición de facer constar na documentación, soporte impreso ou publicidade de todo tipo referente á actividade subvencionada, que a mesma se realiza co financiamento do Concello de Cee.
- Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polo órganos municipais, xuntando canta información lles sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
- Demáis establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

### SEXTA.- XUSTIFICACIÓN

O beneficiario deberá presentar a seguinte documentación para formar a conta xustificativa:

- Solicitud dirixida á sra. Alcaldesa.
- Certificado de conta bancaria da entidade.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais así como de non estar incurso en incompatibilidades para contratar coas AA.PP.
- Certificado de estar ao corrente coa facenda autonómica.
- Certificado de estar ao corrente coa facenda estatal.



## Concello de Cee

- Certificado de estar ao corrente coa seguridade social.
- Certificado de estar ao corrente con concello de Cee.
- Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido.
- Xustificantes bancarios do pago das facturas ou documentos presentados.
- Memoria detallada das actividades realizadas no ano 2026.
- Declaración detallada de gastos e ingresos ocasionados pola actividade subvencionada.
- Declaración de axudas percibidas no 2026.
- Acreditación do uso do logotipo do concello de Cee en cartelería, web, redes sociais, etc.

**A documentación xustificativa do beneficiario deberá ser presentada como data límite no Rexistro municipal o 31 de outubro de 2026.**

O incumprimento da obriga de xustificación, a xustificación insuficiente ou calesquera outras causas contempladas na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro total ou parcial da subvención.

### **SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO E LEXISLACIÓN APLICABLE**

Este convenio ten natureza xurídico administrativa. No non previsto no mesmo será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento, a Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Cee e restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables e no seu defecto, aplicaranse as normas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que sexan na aplicación do presente convenio serán sometidas ao orden xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado na data indicada no encabezamento.

A Alcaldesa de Cee

A Presidenta da Fundación

Asdo. Margarita Lamela Louzán

Asdo. Eva García Caamaño